

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2019/4

DATA: xoves 25 de abril de 2019

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:35 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

SECRETARÍA MONICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG

TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTANS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUÍN

PP

ELISA BOUZAS VICENTE
ADRIAN VIDAL IGLESIAS
MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

PSdeG-PSOE

MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARTIN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

Rianxo en Común-SON

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENTES

PP

ADELA BECERRA MAYO

Rianxo en Común-SON

ANTONIO CASTRO CASTRO

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 3/2019 do Pleno en sesión ordinaria do 01/04/2019
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Aprobación definitiva desafectación vivendas da escola de Abuín- Leiro
4. Ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social no Concello de Rianxo
5. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

-1568343979

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=9XRpdqdwuiE>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

“1 APROBACIÓN ACTA Nº 3/2019 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 01/04/2019

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 3/2019 de 01/04/2019.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 01/04/2019, Acta nº 3/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real

decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.”

Non formulandose observación algunha a acta referida

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

“2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/03/2019 ata o 31/03/2019, que comprenden os números 204/2019 ao 327/2019, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 5 da Sesión ordinaria do día 11/03/2019
- Acta nº 6 da Sesión extraordinaria do día 27/03/2019”

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

“3 APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN VIVENDAS DA ESCOLA DE ABUÍN-LEIRO

Con data 30 de agosto de 2018 ditouse a Providencia de Alcaldía na que se sinala que é titular de dúas vivendas vinculadas antigamente a fins educacitivo no inmobile denominado ESCOLA DE ABUÍN LEIRO e que actualmente as vivendas non son precisas para fins, presentando un estado de abandono que desancosella a día de hoxe a súa ocupación sen efectuar unha reforma previa.

O 19/09/2018 a Secretaría do Concello emitiu informe.

O artigo 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece que a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acredite súa oportunidade e legalidade.

O artigo 8 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais e o artigo 47.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establecen que o expediente deberá ser resolto, previa información pública durante un mes, pola Corporación Local respectiva, mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de aquela.

A desafectación de bens de dominio público de titularidade municipal afectados ao servizo público da ensinanza require autorización expresa da Administración educativa competente.

Cúmprense as razóns de oportunidade e legalidade, xa que se deixou de prestar no inmovible o servizo público para o que está afectado e o criterio de oportunidade ven dado pola necesidade que ten o concello de poñer a disposición da veciñanza locais nos que podan desenvolver actividades que redunden en beneficio do común dos veciños.

Por acordo plenario de 27 de setembro de 2018 adoptouse o seguinte acordo :

Solicitar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a autorización para desafectar as vivendas localizadas na Escola de Abuín – Leiro, por non ser precisas xa para o fin de casa-habitación.

Con data 29 de outubro de 2018 e Rexistro de entrada nº 6665, recibese Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Concedendo a autorización previa á desafectación solicitada polo Concello de Rianxo, das vivendas dos mestres da escola de Abuín-Leiro, por entender que non son necesarias para o uso educativo ao que están destinadas, sempre que as vivendas contén cunha entrada independente que permita non ter que empregar os espazos exteriores do recinto escolar para acceder a elas.

INICIAR o período de información pública por prazo de un mes, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Editos da Casa Consistorial, para que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes.

Sometese o expediente a información pública durante un mes, dende a publicación no BOP nº 33 da Coruña de data 15 de febreiro de 2019, non interpoñéndose ningunha alegación según informe do rexistro de 12 de abril de 2019.

Conforme ao disposto Artigo 269 da Lei 5/1997 de 22 de xullo reguladora da administración local de Galicia e no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno a adopción deste acordo, previo ditame da Comisión informativa de deportes e patrimonio histórico, cultura, xuventude, educación e normalización polo exposto anteriormente en virtude das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

propón á Corporación en pleno o seguinte A C O R D O :

PRIMEIRO

Aprobar definitivamente a alteración da cualificación xurídica do ben inmueble con referencia catastral 0008005000NH12B0001JS sita en Abuín-Leiro, no que se prestaba un servizo público, para desafecta-lo do dominio público e cualificalo como ben patrimonial.”

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN, do día 16/04/2019, sendo este favorable.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

“4 APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE RIANXO

Esta corporación estima necesario regular as bases reguladoras para a concesión de axudas municipais de emerxencia social destinadas a persoas ou unidades de convivencia con recursos económicos insuficientes para atender os gastos de carácter ordinario ou extraordinarios e co fin de previr, evitar ou paliar situacións de marxinação social.

Antecedentes levados a cabo para a súa elaboración :

O 28/2/2019 iniciáronse na comisión informativa de Benestar Social ,Igualdade e Diversidade os traballos de elaboración do borrador de ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE RIANXO

Remitido a distintos os departamentos o primeiro borrador elaborouse un segundo borrador coas observacións dos departamentos municipais.

O 29/3/2019 a Alcaldía solicita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir a secretaria municipal.

O 30/3/2019 elaborase un segundo borrador de ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE RIANXO que se somete a consulta previa, e publicándose no portal web do Concello Rianxo dende o 30 de marzo de 2019 ata o 15 de abril de 2019, co obxecto de dar audiencia á cidadanía e ás asociacións afectadas, e solicitar cantas achegas

adicionais poidan facer outras persoas ou entidades.

O 1/4/2019 a secretaria emite informe o borrador de ordenanza de data 30/3/2019

Solicitouse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se vexan afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

O 15/4/2019 elaborase o proposta de ordenanza.

O 16/04/2019 emítese informe de intervención será é remitido a comisión informativa

E tendo en conta que, conforme co artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propono a este órgano a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.

Aprobar inicialmente o **ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE RIANXO** texto se achega como anexo a esta proposta.

SEGUNDO

Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de editos da casa do concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña , durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polas persoas interesadas.

TERCEIRO

De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85.

ANEXO: ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE RIANXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos sociais municipais teñen como unha das súas funcións e tarefas a de proporcionar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultade derivada, a meirande parte das veces, da imposibilidade de facer fronte a determinados gastos que, ou ben son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade, á que toda persoa ten dereito, ou que incluso son precisos, en determinadas ocasións, para a supervivencia.

A súa competencia vén determinada de conformidade co previsto na Lei 7/1985, reguladora das

bases de réxime local, reformada pola Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que atribúe aos municipios no artigo 25.2.e a competencia propia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, especificamente no artigo 21.º.1.º, indica que “son prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único, que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social”, entre elas, conforme ao artigo 21.º.2, “b) As axudas de emerxencia e necesidade social.

Finalmente, o artigo 14.3 da Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social garante que “os estranxeiros, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen dereito aos servizos e prestacións sociais básicas”, debendo entenderse e aplicarse os citados dereitos conforme ás normas previstas no artigo 3 da mesma lei, nomeadamente a condición de igualdade coas persoas de nacionalidade española e, nos dereitos fundamentais, a interpretación conforme á Declaración Universal de Dereitos Humanos e tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias vixentes en España.

De acordo co exposto anteriormente, redáctase o presenta ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Rianxo que, cumprindo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), adecúase aos principios de boa regulación recollidos no citado artigo. Os principios de necesidade e eficacia cúmprense, xa que é de interese xeral recoller e regular os dereitos e deberes da veciñanza de Rianxo para acceder a unha axuda de emerxencia social, e un regulamento municipal é a ferramenta coa que conta a Corporación para facelo. O principio de proporcionalidade está asegurado xa que non é unha medida que limite ningún tipo de dereitos nin impón obrigas. A seguridade xurídica desta regulación fundaméntase na congruencia coa normativa emanada sobre a materia polas restantes institucións con capacidade normativa. O tramite de exposición pública garante o principio de transparencia e a ausencia de cargas administrativas e a xestión racional dos recursos públicos fano co principio de eficiencia.

En desenvolvemento dos principios e obrigas anteriores, o Concello de Rianxo como administración pública mais próxima á poboación, ten o dereito e a responsabilidade de establecer e regular o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos dirixidos a persoas en situación de risco ou exclusión social, de conformidade coa lexislación vixente.

ARTIGO 1. OBXECTO

1. É a finalidade desta ordenanza establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas municipais de emerxencia social destinadas a persoas ou unidades de convivencia con recursos económicos insuficientes para atender os gastos de carácter ordinario ou extraordinarios e co fin

de prever, evitar ou paliar situacións de marxinación social.

2. Enténdese por axudas de emerxencia social o conxunto de axudas e prestacións económicas non periódicas en especie e/ou diñerarias destinadas a paliar ou resolver -por si mesmas ou complementariamente con outros recursos e prestacións- situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia, reforzar procesos de integración familiar e inclusión social e/ou prever situacións de exclusión social, para que as persoas ou unidades de convivencia beneficiarias poidan evolucionar cara á súa autonomía e integración social, dada a temporalidade destas axudas.

3. Tamén se poden considerar susceptibles de encadrar nesta ordenanza situacións excepcionais ou de catástrofe sobrevida e imprevisible ante a que a persoa non dispoña de recursos para a súa solución.

As axudas de Emerxencia Social Municipais, de ser o caso, formarán parte dun proxecto de intervención social encamiñado a superar a situación de necesidade formulada.

ARTIGO 2. TIPOS E CONTÍAS DAS AXUDAS

1. O límite de recursos económicos e a contía das axudas (agás nos supostos de necesidades básicas e gasto farmacéutico) establécense segundo o IPREM anual vixente en cada anualidade (12 pagas).

2. A contía da axuda cubrirá o 100% do gasto, sempre que no concepto non se contemple outro porcentaxe ou contía.

3. As axudas serán prepagables.

2. Establécense as seguintes tipoloxías de axudas económicas:

A) AXUDA PARA CUBRIR NECESIDADES BÁSICAS DE CARÁCTER PERSOAL:

- Concepto: Axuda económica para alimentos, vestiario, produtos básicos de hixiene e imaxe persoal e limpeza do fogar, alimentación infantil e cueiros, nas seguintes modalidades:

- Modalidade 1: Axuda económica prepagable para a compra dos produtos recollidos no concepto anterior a realizar en calquera supermercado ou establecemento do municipio. Esta modalidade poderase substituír por unha tarxeta persoal que se facilite ás persoas beneficiarias deste tipo de axuda.

- Contía: A contía mensual establécense en función do número de membros da unidade de convivencia, e segundo se recolla na táboa seguinte:

NÚM. MEMBROS	CONTÍA MENSUAL
1	50 €

2	80 €
3	100 €
4	120 €
5	140 €
6 ou máis	160 €

Cando algunha das persoas da unidade de convivencia sexa menor de 2 anos de idade o limite da axuda incrementarase nun 20% por cada un dos menores.

- Duración: 3 meses, prorrogables, establecendo un máximo de 7 mensualidades nun período de 12 meses.

B) GASTOS DE VIVENDA

Conceptos:

1. Subministros básicos da vivenda: auga, enerxía eléctrica, gas butano,

Contía: Con carácter xeral o importe da axuda será do 75% da contía da factura, agás en situacións excepcionais nas que polas características persoais e económicas sexa necesario ampliar ou reducir a porcentaxe.

Duración: 3 meses prorrogables, establecéndose un máximo de 6 mensualidades por ano, e en todo caso sen que a contía máxima anual por unidade de convivencia exceda os 600 €.

No caso de subministros, a persoa beneficiaria deberá acreditar ser a pagadora da factura, mediante unha declaración responsable a tal efecto.

2. Adquisición de equipamento básico da vivenda habitual: cociña, calentador, frigorífico, colchón, enxoval e roupa para o fogar, ... Deberá acreditarse que a situación de necesidade inmediata no faga posible a tramitación doutro tipo de axuda polo mesmo concepto a outra administración pública ou entidade privada.

Contía: Importe máximo 2 IPREM por unidade de convivencia.

Duración: unha única vez nun período de 12 meses.

3. Mantemento e conservación da vivenda: Destinadas á adecuación da vivenda habitual, que poderá ser propiedade de calquera dos membros da unidade de convivencia, así como a realizar pequenos arranxos e mellorar a súa accesibilidade e habitabilidade naquelas situacións de perigo inminente ou que polo estado de saúde dalgún das persoas da unidade de convivencia se constate a necesidade de realizar a obra de maneira inmediata, e non sexa posible a tramitación

dunha axuda polo mesmo concepto a outra administración pública.

Contía: O importe máximo 3,5 IPREM por unidade de convivencia.

Duración: unha única vez nun período de 12 meses.

4. Alugueiro da vivenda habitual para favorecer o mantemento en vivenda normalizada: A persoa solicitante ou calquera membro da unidade de convivencia, deberá ter subscrito o correspondente contrato de alugueiro, no cal deberá recoller a identificación da persoa arrendataria e da persoa arrendadora, así como o enderezo da vivenda, e o seu número de referencia catastral, e o contrato deberá estar visado polo IGVS. A renda mensual do alugueiro non deberá superar os 350 € mensuais.

O Concello realizará as comprobacións necesarias para acreditar que a vivenda obxecto do alugueiro cumpre coas tódalas obrigas legais.

Contía: O importe da axuda será do 75% da renda mensual do alugueiro, salvo en situacións excepcionais nas que polas características persoais e económicas sexa necesario ampliar ou reducir a porcentaxe. A contía máxima anual por unidade de convivencia non poderá sobre pasar os 900 €.

Duración: Con carácter xeral 3 meses, prorrogables e sen que a contía máxima anual por unidade de convivencia supere os 900 €.

5. Gastos de acceso a unha nova vivenda derivados dunha situación de desafiuzamento ou desaloxo da vivenda habitual: consistirá nunha axuda económica para afrontar os gastos derivados do acceso ao alugamento dunha nova vivenda e sempre que non existiran outros recursos en prol á conservación da vivenda obxecto do desafiuzamento.

Contía: 2,5 IPREM por unidade de convivencia, unha única vez nun período de 12 meses

Duración: Ata a resolución doutro tipo de axuda para esta finalidade ou o acceso a unha vivenda alternativa no marco de programas específicos de realoxo

C) GASTO FARMACÉUTICO

Concepto: Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde

1. Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.

Contía: A mesma que a establecida para a cobertura das necesidades básicas, en función do número de membros que precisen de tratamento farmacolóxico.

NÚM. MEMBROS	CONTÍA MENSUAL
--------------	----------------

1	50 €
2	80 €
3	100 €
4	120 €
5	140 €
6 ou máis	160 €

Duración: 3 meses, prorrogables cun máximo de 6 meses nun período de 12 meses.

2. Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses dentais), acreditando a súa prescrición por un médico do sistema público de saúde.

Contía e duración: O importe máximo será de 2,5 IPREM por unidade de convivencia, nun período de 12 meses.

D) AXUDAS COMPLEMENTARIAS

Concepto: **Axudas de transporte** motivado por:

- Citas médicas
- Xestións administrativas en organismos oficiais
- Actividades de tratamento terapéutico
- Formación ocupacional ou laboral

En todo caso, priorizarase que o desprazamento sexa realizado en transporte colectivo. No caso de desprazamento en vehículo particular, por causa xustificada, establécese un pago equivalente ao que o Concello teña establecido para o persoal municipal, multiplicado polo número de quilómetros existentes entre o domicilio da persoa beneficiaria e o lugar da citación.

Contía e duración: Establécese un importe máximo do IPREM por unidade de convivencia ou fogar, nun período de 12 meses.

E) Aloxamento alternativo temporal: cando non sexa posible a permanencia da persoa no seu domicilio habitual por situacións de catástrofe (incendio, derrubamento...) ou derivada dunha causa grave allea á unidade de convivencia, exceptuando aquelas situacións con dinámica familiar de relación negativa.

Modalidade: En función da valoración profesional máis axeitada para a persoa ou unidade de

convivencia, establecerase a permanencia en domicilio independente ou en establecemento colectivo.

Contía: Establécese un importe máximo de 2,5 IPREM por unidade de convivencia

Duración: O aloxamento non poderá exceder de 3 meses de duración e só será recoñecida a axuda cando non houbese a posibilidade de utilizar outro tipo de aloxamento ou acceso a outros recursos ou programas para esta finalidade.

F) Outros gastos excepcionais debidamente acreditados e non encadrados en ningún dos tipos de axudas anteriores

Concepto: Contempla situacións excepcionais tales como limpeza extraordinaria en domicilios cando exista risco sanitario e sen posibilidade dun aloxamento alternativo, enterramentos... ou calquera outro suposto avaliado como de emerxencia polo servizo sociais comunitarios.

CONTÍA: A contía económica deste suposto axustarase á situación de necesidade.

ARTIGO 3. PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas individuais, que residan soas ou formen parte dunha unidade de convivencia, que careza/n de medios económicos suficientes, e nas que concorran os factores de risco de exclusión social determinados segundo a lexislación vixente e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre coma un apoio á intervención social. En condicións de igualdade de cumprimento dos requisitos, darase preferencia no acceso á titularidade desta prestación a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia.

2. Enténdese por unidade familiar de convivencia as persoas que convivan no mesmo marco físico, coa excepción de unidades de convivencia con dinámicas de relación negativa, avaliadas polo persoal técnico dos servizo sociais comunitarios.

Cando por causa de forza maior, accidente ou desafiuamento unha familia se vexa obrigada a residir temporalmente no domicilio doutra, non perderá a condición de unidade de convivencia independente.

ARTIGO 4. REQUISITOS

1. Ser maior de idade ou menor legalmente emancipado/a.
2. Residir, real e efectivamente no Concello de Rianxo, e estar de alta no Padrón municipal de habitantes, cunha antigüidade mínima de 6 meses, inmediatamente anteriores á data da solicitude, coas seguintes excepcións:
 - As vítimas de violencia de xénero ou doméstica

- As persoas refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite, así como as que teñen autorizada a estancia por razóns humanitarias.
- Emigrantes retornados
- Persoas sen teito ou transeúntes
- Persoas que procedan de aloxamentos de carácter institucional
- Por traslado de domicilio con motivo de actividade laboral

Poderase eximir deste requisito cando así se valore a excepcionalidade polo persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios e se recolla no documento de Informe Social.

3. Acreditar a situación da necesidade e aportar a documentación necesaria para a valoración da solicitude.

4. Dispor de recursos económicos limitados: Os ingresos mensuais netos da unidade de convivencia non poderán ser superiores ao 100% do IPREM vixente para cada ano, incrementándose nun 10% por cada membro adicional, cos seguintes criterios de valoración:

- Computaranse como ingresos as rendas de traballo, por conta propia ou allea, pensións e prestacións do sistema público, pensión de alimentos e pensións compensatorias efectivamente percibidas, rendas de bens inmobles, e o 5% do saldo actual existente nas contas bancarias, depósitos ou calquera outro produto bancario, así como o 5% do valor catastral dos bens inmobles, coa excepción da vivenda habitual.
- Descontaranse do apartado anterior o pagamento de gastos de alugueiro e hipotecas da vivenda habitual nunha cantidade ata un máximo de 300 € mensuais, así como as pensións de alimentos e pensións compensatorias efectivamente aboadas.
- Non se computarán como ingresos aqueles que obteña a unidade de convivencia con carácter finalista e dirixidos á formación regrada e as achegas puntuais e esporádicas que unicamente resulten un complemento de supervivencia así como as libranzas derivadas do SAAD nin os complementos de terceira persoa das prestacións de PNC, prestación familiar por fillo/a cargo, LISMI e de Gran Invalidez.
- Para a valoración da situación económica tomarase con referencia os ingresos netos obtidos nos 6 meses anteriores á data da solicitude, logo dos descontos correspondentes ao IRPF e a Seguridade Social.
- Entenderase que a unidade de convivencia posúe medios económicos suficientes cando dispoñan dunha cantidade igual ou superior a 2 IPREM mensual nas contas

de aforro das que sexan titulares ou estes posúan uns rendementos de capital mobiliario superiores a 100,00 € anuais.

5. Non figurar a persoa solicitante nin outro membro da unidade familiar, como titular de industria, comercio ou calquera outro negocio, con persoal asalariado.
6. Aceptar e comprometerse co proxecto de intervención individual e/ou familiar deseñado polos servizos sociais comunitarios. No dito proxecto poderá recollerse o desenvolvemento de actividades de inserción socio laboral, preparación persoal básica ou de atención e participación dos menores no programa de Educación e Apoio Familiar.
7. Ter xustificadas as axudas de emerxencia social municipal que foran recoñecidas con anterioridade.

Con carácter excepcional poderanse valorar aquelas solicitudes que, pese a non cumprir algún dos requisitos ou condicións esixidas nestas bases presenten unhas circunstancias persoais, familiares ou socioeconómicas de especial gravidade que precisen dalgunha das axudas recollidas neste regulamento, tendo especial consideración a existencia de todos ou algún dos catro factores básicos que inciden na pobreza e exclusión social: emprego/desemprego, educación, vivenda e saúde, combinados coa pertenza a algún dos grupos mais vulnerables (persoas sen fogar, con discapacidade, maiores, en situación de dependencia, poboación xitana, poboación inmigrante, vítimas de violencia de xénero, vítimas de discriminación por orixe racial ou étnica, orientación sexual e identidade de xénero, persoas con problemas de adicións ou persoas ex-reclusas).

Os requisitos deben reunirse no momento da solicitude e manterse ao longo do período durante o que se está a percibir a axuda.

De acordo co artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non se esixirá para estas axudas o requisito de que se atopen ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

ARTIGO 5. DOCUMENTACIÓN

1. Datos persoais ou familiares:

- ▣ Copia do DNI, NIE ou pasaporte de tódolos membros da unidade de convivencia
- ▣ Copia do libro de familia ou documento acreditativo de filiación.
- ▣ Copia do fallo da sentenza de separación ou divorcio ou do inicio do procedemento de separación xudicial ou divorcio.
- ▣ Copia do convenio regulador ou calquera outro documento onde se recolla a atribución da garda e custodia das crianzas da unidade de convivencia.

- ▢ Copia da demanda por impago da pensión de alimentos ou pensión compensatoria.
- ▢ Certificado de empadramento colectivo, no caso de non autorizar a consulta de oficio.

2. Datos da situación económica (referida a todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos):

- ▢ Copia da declaración do IRPF correspondente ao último exercicio económico
- ▢ No caso de non ter obriga de presentar a declaración do IRPF, certificado negativo emitido pola Axencia Tributaria, no caso de non autorizar a consulta de oficio.
- ▢ Certificado de bens rústicos, urbanos e IVTM, no caso de non autorizar a consulta de oficio.
- ▢ Copia das nóminas dos últimos 6 meses.
- ▢ Informe de Vida Laboral.
- ▢ Certificado do SEPE onde se acredite a alta como demandante de emprego e de ser perceptor/a de prestacións ou subsidios, con indicación da contía e do período recoñecido.
- ▢ Copia da tarxeta de demandante de emprego.
- ▢ Certificado de pensións do INSS ou calquera outro organismo que efectúe o pagamento.
- ▢ Extracto dos movementos bancarios correspondente aos últimos 6 meses anteriores á data de formulación da solicitude e saldo existente nas contas onde sexa titular.

3. Datos sobre a vivenda

- ▢ Copia do contrato de arrendamento onde figure a referencia catastral.
- ▢ Copia dos recibos ou xustificantes do pago do alugueiro, no que deberán constar os datos e sinatura do arrendador, o enderezo da vivenda e o importe mensual. No caso de impago de recibos, xustificante da débeda contraída con motivo do alugueiro, subministros...
- ▢ Certificación bancaria acreditativa da sinatura dun préstamo hipotecario e últimos 6 recibos do pago da hipoteca ou xustificante de non ter amortizado o préstamo indicando o número de impagos.
- ▢ Autorización expresa da persoa solicitante e demais membros da unidade de convivencia para a comprobación de non ser propietario doutra vivenda.
- ▢ No suposto de que a axuda solicitada teña como destino a realización de obras no fogar,

incorporarase ao expediente un informe técnico do Servizo de Urbanismo dos servizos municipais competentes referidos aos aspectos técnicos dela (viabilidade, licencias ou permisos correspondentes...)

4. Outros:

- ▢ Informes médicos, se procede.
- ▢ Copia do certificado do grao de discapacidade ou do recoñecemento da situación de dependencia.
- ▢ Dous orzamento detallados, se procede, do gasto para o que se solicita a axuda agás para os supostos de necesidades básicas, subministros básicos, gasto farmacéutico e axudas para o transporte.
- ▢ Autorización expresa da persoa solicitante e demais membros da unidade de convivencia para a comprobación de non ter solicitadas ou recibidas axudas doutros organismos para a mesma finalidade (Cáritas, Cruz Vermella, FAG, ...)
- ▢ Documento de autorización para o pago delegado a terceiras persoas ou empresas subministradoras.
- ▢ Calquera outra documentación que a criterio do persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios se estime necesaria para acreditar e xustificar a necesidade da axuda solicitada ou para completar a información.

ARTIGO 6. XESTIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

INICIO

O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, que establece que as bases reguladoras das axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, pola finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito.

A convocatoria poderá aprobarse mediante tramitación anticipada, de acordo co artigo 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A convocatoria publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Rianxo, na sede electrónica e na web municipal e no BOP.

A concesión destas axudas estará condicionada á existencia de crédito orzamentario. No caso de

esgotamento do crédito, o concello deberá publicar esta circunstancia nos mesmos medios de publicidade que a convocatoria.

O contido da convocatoria será:

1. Número e data do BOP no que se publiquen estas bases reguladoras.
2. Aplicación/s orzamentaria/s ás que se lles imputen os créditos orzamentarios das axudas, así como o importe máximo anual a conceder.

2.1 A convocatoria pode establecer que os créditos de cada aplicación orzamentaria teñen carácter estimativo, polo que é posible modificar a súa distribución sen necesidade dunha nova convocatoria, tras as modificacións orzamentarias que procedan.

2.2 O importe máximo da convocatoria poderá incrementarse, sen necesidade de aprobar unha nova convocatoria nos seguintes supostos:

- a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de remanentes de crédito
- b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo a aplicacións orzamentarias do mesmo nivel de vinculación xurídica.

Nos supostos 2.1 e 2.2 o órgano concedentes deberá aprobar o incremento do crédito orzamentario da convocatoria e publicalo nos mesmos medios que esta.

3. Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
4. Expresión de que a concesión se efectúa en réxime de concorrencia non competitiva.
5. Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.
6. Documentación que hai que acompañar á solicitude.
7. Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
8. Prazo de resolución e notificación.
9. Indicación de que a resolución pon fin á vía administrativa e réxime de recursos.
10. Criterios de valoración das solicitudes.
11. Medio de notificación da resolución.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de axudas de emerxencia social (AES) poderán presentarse en calquera momento do ano.
2. A solicitude, no modelo descrito no anexo II da presente ordenanza, xunto coa documentación establecida no artigo 5, presentaranse a instancia da persoa interesada no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de

novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

De maneira excepcional, os expedientes poderán ser incoados de oficio polo persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias e urxentes que así o requiran.

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

3. A solicitude rexistrada trasladarase aos Servizos Sociais do Concello, correspondendo a instrución do expediente aos/ás traballadoras/es sociais.

4. As/Os traballadoras/es sociais dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello realizará o estudo da demanda e da situación da persoa solicitante e dos membros da unidade de convivencia e requirirá, no seu caso, que se proceda á emenda de erros ou á presentación de documentación necesaria no prazo de 10 días hábiles, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, realizarán as actuacións que estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de todos os datos presentados.

5. Elaboración do Informe Social, que deberá indicar de modo expreso que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos nas Bases Reguladoras das AES.

6. Deseño do proxecto de intervención social para os membros adultos da unidade de convivencia que se consideren aptos para o bo desenvolvemento deste.

7. Informe-proposta emitido pola persoa instructora do expediente que deberá conter:

No suposto de concesión:

- Indicación expresa de que a persoa solicitante cumpre cos requisitos recollidos/esixidos nas BR e na convocatoria
- Identificación da persoa beneficiaria
- Ingresos netos da unidade de convivencia
- Tipo e modalidade de axuda, debidamente motivada, de acordo co artigo 2 das BR, detallando a finalidade da axuda
- Contía e modalidade da axuda, debidamente xustificada
- Importe económico que deberá xustificar a persoa beneficiaria
- Modalidade de pagamento e persoa á que se lle efectuará. No caso de non ser a persoa beneficiaria, deberán indicarse os datos completos para a súa identificación.
- Prazo e forma de xustificación

No suposto de denegación:

- Xustificación correspondente dos motivos/causas da mesma

O informe-proposta remitiráselle ao departamento de intervención para a súa fiscalización e emisión do certificado de existencia de crédito.

ARTIGO 7. RESOLUCIÓN

1. O prazo para resolver será máximo de dous meses desde a entrada da solicitude da axuda no rexistro municipal. O dito prazo só se poderá suspender por causa de requirimento de documentación complementaria á persoa interesada. En calquera caso, tendo en conta a natureza das axudas contidas neste regulamento, resolverase o expediente á maior brevidade posible.

2. O órgano competente para resolver a concesión, denegación ou extinción da axuda solicitada será a alcaldía, sen prexuízo das delegacións que poidan autorizarse, mediante Decreto de Alcaldía.

3. A resolución adoptada será notificada ás persoas interesadas no domicilio que figure no expediente a efectos de notificacións e deberá conter os seguintes datos:

No suposto de concesión:

- Indicación expresa de que a persoa solicitante cumpre cos requisitos recollidos/esixidos nas BR e na convocatoria
- Identificación da persoa beneficiaria
- Tipo e modalidade de axuda, debidamente motivada, de acordo co artigo 2 das BR, detallando a finalidade da axuda
- Contía e modalidade da axuda, debidamente xustificada
- Importe económico que deberá xustificar a persoa beneficiaria
- Modalidade de pagamento e persoa á que se lle efectuará. No caso de non ser a persoa beneficiaria, deberán indicarse os datos completos para a súa identificación.
- Prazo e forma de xustificación

No suposto de denegación:

- Xustificación correspondente dos motivos/causas da mesma

Será causa de denegación, aínda reunindo a persoa solicitante todos os requisitos necesarios, o terse esgotado a correspondente aplicación orzamentaria.

ARTIGO 8. PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN, REVISIÓN E EXTINCIÓN

As axudas de emerxencia social municipal poderán ser revisadas, suspendidas temporalmente ou extinguidas definitivamente no caso de existir indicios obxectivos de ter perdido, temporal ou definitivamente, os requisitos esixidos ou no caso de incumprir algunha das obrigas previstas neste regulamento.

O procedemento de revisión, suspensión ou extinción farase previa audiencia da persoa interesada, que deberá verificarse seguindo os trámites previstos na normativa xeral do procedemento administrativo común, emitíndose o informe social e informe proposta da concelleira no caso de suspensión ou extinción.

No caso de perda temporal dalgún dos requisitos esixidos, suspenderase a prestación se a previsión é que a temporalidade na que se alongue a dita circunstancia sexa igual ou inferior a 6 meses, e reiniciarase ao concluír o prazo de suspensión. A persoa instrutora do expediente emitirá un informe motivando a nova situación e resolverase por Decreto de Alcaldía.

No caso de que o tempo de perda dalgún dos requisitos sexa superior a 6 meses, extinguirase o dereito da prestación da/s AES. A persoa instrutora do expediente emitirá un informe motivando a nova situación e resolverase por Decreto de Alcaldía.

ARTIGO 9. FORMA DE PAGAMENTO

1. Directas: mediante transferencia bancaria a unha conta titularidade da persoa solicitante ou, no seu defecto, mediante talón nominativo ou calquera outro tipo de pagamento que cumprise coa finalidade da subvención ou axuda concedida.

2. Indirectas: No caso de que o persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais o considere conveniente, poderase aprobar o pagamento da axuda a unha persoa responsable do beneficiario. Tamén poderase aprobar a transmisión do dereito de cobro a un terceiro, cando este deba ser o último receptor dos fondos concedidos (arrendador, empresa subministradora, etc.). En ambos casos, deberá indicarse na resolución de concesión.

ARTIGO 10. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

1. Establécese un prazo máximo de 30 días, a contar desde o día seguinte á data de notificación, para presentar as facturas ou calquera outro documento válido para a xustificación da axuda que foi concedida, agás excepcións valoradas polos servizos sociais comunitarios.

2. Realizarase coa presentación de facturas orixinais ou calquera outro documento probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Así mesmo, deberá quedar acreditado o pagamento de modo fidedigno o que poderá realizarse por algún dos seguintes medios:

- Mediante o ticket no que figure o modo de pagamento efectuado

- Mediante xustificante de recepción do importe da axuda asinado por unha persoa representante do emisor da factura (co selo do establecemento) e a persoa beneficiaria da axuda (ou unha persoa integrante da unidade de convivencia).
- Mediante xustificante bancario do pagamento.

En ningún caso aceptárase como válido a indicación de “pagado” manuscrita sobre a factura/documento xustificativo.

3. No caso de non poder xustificar o 100% da axuda concedida, a persoa interesada reintegrará a/s cantidade/s non xustificadas ou ben serán descontadas de posteriores pagamentos, cando se trate de axudas de carácter periódico.

ARTIGO 11. REINTEGRO DAS AXUDAS E RÉXIME SANCIONADOR

1. O réxime de infraccións e sancións será o establecido na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Será causa para o reintegro da axuda concedida:

- A ocultación ou falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda co fin de obter, conservar ou aumentar a contía da axuda.
- A non xustificación da axuda concedida así coma o feito de destinar a axuda a un fin distinto daquel para a que se concedeu
- Outras causas de carácter grave imputables á persoa beneficiaria, ou da súa unidade de convivencia, non contempladas en apartados anteriores.
- Os supostos recollidos no apartado anterior implicarán non poder presentar unha nova solicitude durante un período de 1 ano.

3. Será causa de extinción da axuda concedida:

- A baixa no padrón municipal de habitantes
- O falecemento da persoa beneficiaria. Non obstante, cando a axuda implique a varios membros da unidade familiar, valorarase a súa continuidade desta por outro/a titular.
- Desaparición das circunstancias que deron lugar á concesión da axuda
- Cumprimento do prazo máximo da duración da axuda
- Non colaborar coas accións contempladas no proxecto de intervención acordado.

ARTIGO 12. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Destinar a axuda para o fin para o que foi outorgada.

- Reintegrar os importes concedidos que non fosen debidamente xustificados.
- Permitir e facilitar a labor do persoal técnico designado para verificar a súa situación familiar e económica
- Comunicar ao departamento de Servizos Sociais todas aquelas variacións acontecidas na situación socio-familiar que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- Colaborar coas tarefas acordadas para a consecución dos obxectivos contemplados no seu proxecto de intervención.
- Escolarizar aos menores da unidade de convivencia que se encontren en idade escolar obrigatoria.
- Non exercer a mendicidade nin inducir á súa práctica nos membros da unidade de convivencia.
- Exercitar no prazo que se estableza calquera dereito de tipo económico ao que puidesen ter dereito calquera dos membros da unidade de convivencia, segundo a lexislación vixente.

ARTIGO 13. INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

1. Será incompatible a concesión das axudas recollidas coa goce gratuíto de servizos que cubran as mesmas necesidades.
2. Non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que fosen concedidas por outras administracións, organismos ou entidades públicas. Exceptuarase deste último requisito se a axuda concedida non solucionase a necesidade, podendo neste caso complementarse desde esta administración local, sen que en ningún caso a contía poida superar o custo total do obxecto da axuda.

ARTIGO 14. CONFIDENCIALIDADE

Todo o proceso de tramitación garantirá o dereito das persoas á confidencialidade, sixilo e respecto aos datos persoais e información coñecida polos servizos sociais por mor da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso aos mesmos en exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente na materia de protección de datos de carácter persoal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

En todo o non previsto nesta ordenanza aplicarase o disposto nas bases de execución do orzamento do Concello de Rianxo e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se

aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/1999 do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E ANIMAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE, do día 17/04/2019, sendo este favorable.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

5 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

-1568343979

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=9XRpdqdwuiE>